

FICHA DE PROPOSTA DE LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO (LIX)			
Denominación do lugar	<i>Praia de Pantín</i>		
Categoría	<i>Punto</i>		
Interese principal	<i>Petrolóxico</i>		
Interese secundario	<i>Tectónico e xeomorfolóxico</i>		
Parámetros de valoración do interese dos LIX	Representatividade		2
	Carácter de localidade tipo		0
	Grao de coñecemento científico do lugar		2
	Estado de conservación		2
	Condicións de observación		4
	Rareza		0
	Diversidade		2
	Contido didáctico / uso didáctico		2
	Infraestrutura loxística		2
	Densidade de poboación		1
	Accesibilidade		0
	Tamaño do LIX		0
	Asociación con outros elementos do patrimonio natural-cultural		2
	Espectacularidade ou beleza		2
	Contido divulgativo / uso divulgativo		2
	Potencialidade para realizar actividades turísticas e de lecer		4
	Proximidade a zonas de lecer		4
Contorna socioeconómica		1	
Fraxilidade (F)	Tamaño do LIX		4
	Vulnerabilidade ao expolio		0
	Ameazas naturais		2
Vulnerabilidade por ameazas antrópicas (A)	Proximidade a infraestruturas		0
	Interese para a explotación mineira		0
	Réxime de protección do lugar		1
	Protección indirecta		4
	Accesibilidade		0
	Réxime de propiedade do lugar		4
	Densidade de poboación		1
	Proximidade a zonas de lecer		4
Uso	Interese científico	170	Alto
	Interese didáctico	155	Alto
	Interese turístico	165	Alto
Susceptibilidade de degradación (SD)	77 (Media)		
Prioridade de Protección (PP)	523,33		
Localización	Provincia <i>A Coruña</i>	Concello <i>Valdoviño</i>	
	Paraxe(s) <i>Punta Corveira</i>		
	No caso de que sexa aconsellable manter a confidencialidade do lugar, agochando as súas coordenadas, indíquese cunha equis (x)		
Autor(es) da proposta			

Praia de Pantín

Coordenadas:

X-571098,29 Lat.- N 43° 38' 18,68"

Y-4832103,10 Lon.- W 8° 7' 6,73"

Z- 3



Encadre xeolóxico:

Zona de Galicia Tras-os-Montes. Dominio do Alóctono inferior ou Parautóctono.

Xeoloxía:

No extremo occidental da praia de Pantín existe un afloramento de materiais pelíticos do Alóctono inferior, especialmente lousas e cuarcitas, sen embargo atópanse tamén uns niveis moi félsicos que representa ás antigas erupcións volcánicas submariñas xeradas na marxe continental de Gondwana fai 475 millóns de anos. Estas erupcións eran moi violentas e explosivas debido ao seu alto contido en volátiles unido ao alto contido en sílice, o que se traduce nun magma moi viscoso. Dende un punto de vista petrolóxico estas rochas denomínanse ignimbritas.

Proposta de LIX:

Interese principal - Petrolóxico

Interese secundario - Tectónico e xeomorfolóxico

Usos – Científico (Alto), Didáctico (Alto) e Turístico (Alto)

SD - Media

PP – 523,33 (3º a protexer)